

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
36011579	A Guía	Vigo	2023/2024

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
COM	Comercio e márketing	CSCOM03	Xestión de vendas e espazos comerciais	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de proba libre

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0926	Escaparatismo e deseño de espazos comerciais	2023/2024	0	105	0
MP0926_12	Deseño dun espazo comercial	2023/2024	0	60	0
MP0926_22	Escaparatismo, organización e montaxe	2023/2024	0	45	0

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	ANA ISABEL BASTOS BOUBETA,LINA ARIAS FERREIRO,SONIA PÉREZ ÁLVAREZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

**2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación**
**2.1. Primeira parte da proba**
**2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

<b>Resultados de aprendizaxe do currículo</b>
(MP0926_22) RA1 - Determina criterios de composición e montaxe de escaparates, analizando información sobre psicoloxía dos/as consumidores/, das tendencias e dos criterios estéticos e comerciais
(MP0926_12) RA1 - Realiza o deseño de distribución e organización dun espazo comercial, analizando os elementos básicos que o conforman
(MP0926_22) RA2 - Deseña escaparates de diversos tipos, respectando obxectivos técnicos, comerciais e estéticos previamente definidos
(MP0926_12) RA2 - Selecciona os elementos interiores e exteriores que determinan a implantación, adecuándoos a un espazo e unha información determinados
(MP0926_22) RA3 - Organiza a montaxe dun escaparate mediante as técnicas axeitadas, aplicando a normativa de prevención de riscos
(MP0926_12) RA3 - Elabora proxectos de implantación de espazos comerciais, aplicando criterios económicos e comerciais

**2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado**

<b>Criterios de avaliación do currículo</b>
(MP0926_12) CA1.1 Analizouse a información da empresa ou do establecemento, da competencia, dos/as consumidores/as e do produto ou servizo que resulte salientable para a definición dun espazo comercial
(MP0926_22) CA1.1 Identifícaronse os efectos psicolóxicos das técnicas de escaparatismo sobre os/as consumidores/as
(MP0926_12) CA1.2 Utilizáronse as fontes de información internas e externas, en liña e offline, necesarias para a realización dun proxecto de implantación
(MP0926_22) CA1.2 Establecéronse as funcións e os obxectivos dun escaparate
(MP0926_12) CA1.3 Identifícaronse as principais técnicas de distribución de espazos interiores e exteriores comerciais
(MP0926_22) CA1.3 Valorouse o impacto dun escaparate sobre o volume de vendas

Criterios de avaliación do currículo
(MP0926_12) CA1.4 Deseñáronse espazos comerciais respectando a normativa aplicable, no relativo tanto á lei de prevención de riscos como á regulamentación administrativa ao respecto
(MP0926_22) CA1.4 Definíronse os criterios de selección de materiais para un escaparate, en función dunha clientela potencial e uns efectos desexados
(MP0926_12) CA1.5 Determináronse os efectos psicolóxicos que producen nos/as consumidores/as as técnicas de distribución de espazos comerciais
(MP0926_22) CA1.5 Analizouse o deseño e a montaxe de diversos escaparates
(MP0926_22) CA1.6 Definíronse os criterios de composición e montaxe do escaparate
(MP0926_12) CA2.1 Definíronse as funcións e os obxectivos da implantación que permitan transmitir a imaxe desexada
(MP0926_22) CA2.1 Seleccionáronse os elementos, os materiais e as instalacións que compoñen un escaparate
(MP0926_12) CA2.2 Identifícanse os parámetros esenciais para a definición dos elementos interiores e exteriores
(MP0926_22) CA2.2 Aplicáronse técnicas de escaparatismo tendo en conta os seus efectos psicolóxicos nas persoas consumidoras
(MP0926_12) CA2.3 Elaborouse a información de base para a implantación dos elementos no interior e no exterior do espazo comercial
(MP0926_22) CA2.3 Seleccionáronse combinacións de cor e luz para conseguir efectos visuais
(MP0926_12) CA2.4 Elaboráronse propostas para quentar as zonas frías detectadas no establecemento comercial
(MP0926_22) CA2.4 Aplicáronse técnicas de proxección de escaparates para efectuar o seu deseño segundo os obxectivos definidos
(MP0926_12) CA2.5 Establecéronse medidas correctoras en relación coa implantación inicial do establecemento
(MP0926_22) CA3.1 Analizouse a terminoloxía básica de proxectos de escaparatismo
(MP0926_12) CA3.4 Aplicáronse criterios económicos e comerciais para a execución da implantación no espazo comercial, procurando a súa optimización
(MP0926_22) CA3.4 Organizouse a execución da montaxe de escaparates previamente definidos
(MP0926_12) CA3.5 Propuxéronse medidas para a resolución das posibles incidencias xurdidas no proceso de organización e execución da implantación, tanto no referente aos elementos de deseño interior ou exterior como no control orzamentario

**Criterios de avaliación do currículo**

(MP0926\_22) CA3.5 Analizouse o cumprimento da normativa de prevención de riscos

**2.2. Segunda parte da proba**
**2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**
**Resultados de aprendizaxe do currículo**

(MP0926\_22) RA1 - Determina criterios de composición e montaxe de escaparates, analizando información sobre psicoloxía dos/as consumidores/, das tendencias e dos criterios estéticos e comerciais

(MP0926\_12) RA1 - Realiza o deseño de distribución e organización dun espazo comercial, analizando os elementos básicos que o conforman

(MP0926\_22) RA2 - Deseña escaparates de diversos tipos, respectando obxectivos técnicos, comerciais e estéticos previamente definidos

(MP0926\_12) RA2 - Selecciona os elementos interiores e exteriores que determinan a implantación, adecuándoos a un espazo e unha información determinados

(MP0926\_22) RA3 - Organiza a montaxe dun escaparate mediante as técnicas axeitadas, aplicando a normativa de prevención de riscos

(MP0926\_12) RA3 - Elabora proxectos de implantación de espazos comerciais, aplicando criterios económicos e comerciais

**2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado**
**Criterios de avaliación do currículo**

(MP0926\_12) CA1.1 Analizouse a información da empresa ou do establecemento, da competencia, dos/as consumidores/as e do produto ou servizo que resulte salientable para a definición dun espazo comercial

(MP0926\_22) CA1.1 Identificáronse os efectos psicolóxicos das técnicas de escaparatismo sobre os/as consumidores/as

(MP0926\_12) CA1.2 Utilizáronse as fontes de información internas e externas, en liña e offline, necesarias para a realización dun proxecto de implantación

Criterios de avaliación do currículo
(MP0926_22) CA1.2 Establecéronse as funcións e os obxectivos dun escaparate
(MP0926_12) CA1.3 Identificáronse as principais técnicas de distribución de espazos interiores e exteriores comerciais
(MP0926_22) CA1.3 Valorouse o impacto dun escaparate sobre o volume de vendas
(MP0926_12) CA1.4 Deseñáronse espazos comerciais respectando a normativa aplicable, no relativo tanto á lei de prevención de riscos como á regulamentación administrativa ao respecto
(MP0926_22) CA1.4 Definíronse os criterios de selección de materiais para un escaparate, en función dunha clientela potencial e uns efectos desexados
(MP0926_12) CA1.5 Determináronse os efectos psicolóxicos que producen nos/as consumidores/as as técnicas de distribución de espazos comerciais
(MP0926_22) CA1.5 Analizouse o deseño e a montaxe de diversos escaparates
(MP0926_12) CA1.6 Organizouse e interpretouse a información reunida, utilizando para iso as aplicacións informáticas precisas
(MP0926_22) CA1.6 Definíronse os criterios de composición e montaxe do escaparate
(MP0926_12) CA2.1 Definíronse as funcións e os obxectivos da implantación que permitan transmitir a imaxe desexada
(MP0926_22) CA2.1 Seleccionáronse os elementos, os materiais e as instalacións que compoñen un escaparate
(MP0926_12) CA2.2 Identificáronse os parámetros esenciais para a definición dos elementos interiores e exteriores
(MP0926_22) CA2.2 Aplicáronse técnicas de escaparatismo tendo en conta os seus efectos psicolóxicos nas persoas consumidoras
(MP0926_12) CA2.3 Elaborouse a información de base para a implantación dos elementos no interior e no exterior do espazo comercial
(MP0926_22) CA2.3 Seleccionáronse combinacións de cor e luz para conseguir efectos visuais
(MP0926_12) CA2.4 Elaboráronse propostas para quentar as zonas frías detectadas no establecemento comercial
(MP0926_22) CA2.4 Aplicáronse técnicas de proxección de escaparates para efectuar o seu deseño segundo os obxectivos definidos
(MP0926_12) CA2.5 Establecéronse medidas correctoras en relación coa implantación inicial do establecemento

Criterios de avaliación do currículo
(MP0926_22) CA2.5 Utilizáronse as técnicas de escaparatismo respecto á súa composición e á potenciación dos artigos
(MP0926_22) CA2.6 Utilizáronse ferramentas informáticas para a distribución de espazos no deseño dos escaparates
(MP0926_12) CA3.1 Elaboráronse proxectos de implantación, deseñando os elementos interiores e exteriores do establecemento e atendendo a criterios de rendibilidade e imaxe de empresa, confeccionando esbozos e bosquejos, e usando unha aplicación informática para a súa presentación, en caso necesario
(MP0926_22) CA3.1 Analizouse a terminoloxía básica de proxectos de escaparatismo
(MP0926_12) CA3.2 Elaboráronse orzamentos de implantación, plasmando nunha folla de cálculo a valoración económica feita dos elementos internos e externos desta e a determinación dos recursos humanos e materiais necesarios
(MP0926_22) CA3.2 Interpretouse a documentación técnica e os obxectivos do proxecto de escaparate
(MP0926_12) CA3.3 Confeccionáronse cronogramas para organizar os tempos e os traballos que cumpra realizar
(MP0926_22) CA3.3 Seleccionáronse os materiais e a iluminación axeitados
(MP0926_12) CA3.4 Aplicáronse criterios económicos e comerciais para a execución da implantación no espazo comercial, procurando a súa optimización
(MP0926_22) CA3.4 Organizouse a execución da montaxe de escaparates previamente definidos
(MP0926_12) CA3.5 Propuxéronse medidas para a resolución das posibles incidencias xurdidas no proceso de organización e execución da implantación, tanto no referente aos elementos de deseño interior ou exterior como no control orzamentario
(MP0926_22) CA3.5 Analizouse o cumprimento da normativa de prevención de riscos
(MP0926_12) CA3.6 Deseñáronse proxectos de tenda en liña, incidindo fundamentalmente no seu escaparate en liña (storefront)
(MP0926_22) CA3.6 Realizouse a composición e a montaxe de escaparates

### 3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Todos os elementos curriculares (resultados de aprendizaxes, criterios de avaliación e bloques de contidos asociados) deste módulo son mínimos exixibles e poden ser preguntados en calquera das partes da proba. Para obter unha avaliación positiva é preciso superar cada unha das partes con 5 puntos sobre 10 como mínimo.

A cualificación final realizarase mediante a suma das cualificacións, proba escrita teórica e práctica e montaxe do escaparate, tendo en conta a súa ponderación na nota final, e sempre que se superen todas as

partes da proba.

No encabezado das probas a desenvolver de forma escrita, farase mención, de selo caso, á distribución dos puntos para cada pregunta, as posibles penalizacións, etc, así como outros aspectos que se considere oportuno.

Para o caso de que ao alumnado se lle sorprenda copiando no exame por medios físicos, tecnolóxicos, etc, daráselle por suspensa a proba.

1.- Primeira parte da proba. Probas de coñecemento. Proba combinada teórica e práctica a desenvolver por escrito:

A) Elaborarase unha proba combinada que permita cualificar os CA do módulo. Conterá instrucións de realización con indicación de tempos máximos para realizalas e a cualificación máxima por pregunta ou apartados. Consistirá nunha proba de coñecementos por escrito con dúas partes diferencias, unha parte preguntas teóricas breves ou a desenvolver e outra parte de exercicios e/ou supostos prácticos.

A.1).- A proba de coñecementos teórica conterá o número suficiente de preguntas para poder avaliar os RAS e CA do módulo formativo. Esta parte da proba terá unha cualificación máxima de 10 puntos e ponderará un 50 por cento da cualificación final. Para superar esta parte da proba o alumnado deberá obter unha puntuación mínima de 5 puntos.

A.2).- A parte de casos prácticos e exercicios consistirá nun número suficiente deles que permita avaliar os RAS e CA do módulo formativo que acredite o coñecemento dos mesmos. Poden conter cálculos de ratios do control da eficacia dun escaparate, análise e/ou estudo dos elementos de comunicación, analizar o equilibrio compositivo, a simetría ou asimetría dun escaparate, cumprimentar unha ficha de avaliación dun escaparate, etc..

Esta parte da proba terá unha cualificación máxima de 10 puntos e ponderará un 30 por cento da cualificación final. Para superar esta parte da proba o alumnado deberá obter unha puntuación mínima de 5 puntos.

Cada unha das preguntas teóricas e supostos prácticos desta proba escrita serán puntuados segundo o nivel de logro coa seguinte cualificación: pregunta completa 100% da cualificación; pregunta case completa 75% da cualificación; pregunta aceptable/regular 50% da cualificación; pregunta incompleta 25% da cualificación, pregunta moio incompleta 5% da cualificación.

2.- Segunda parte de proba. Proba de produto e/ou desempeño. Parte práctica: Montaxe dun escaparate.

Para a montaxe dun escaparate as persoas alumnas deberán ter adquiridos os coñecementos tanto teóricos como prácticos para poder levar a cabo o desenvolvemento do mesmo e superar a proba.

Esta proba de produto terá unha cualificación máxima de 10 puntos e ponderará un 20% da cualificación final. Considerarase superada obtendo unha puntuación mínima de 5 puntos.

Para a realización desta proba deberá utilizarse a Aula de Escaparatismo do Instituto, así como os distintos materiais e elementos de que dispón: maniquís, atrezos, expositores, complementos directos e indirectos, etc. A profesora indicará, de selo caso, a temática do escaparate e dará as instrucións necesarias para a súa montaxe.

Para a cualificación desta proba terase en conta a creatividade das persoas alumnas, os maniquies elixidos, os elementos principais, os complementos, atrezos e demais materiais utilizados para a montaxe do escaparate, a composición elixida, a súa simetría ou asimetría, a iluminación, así como o grao de limpeza.

#### 4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

##### 4.a) Primeira parte da proba

A desenvolver de forma escrita:

4. a) 1.- Cuestionario de preguntas a desenvolver e/ou dun número significativo de cuestións tipo test sobre os contidos teóricos do módulo:

- Distribución e organización dun espazo comercial.
- Arquitectura Exterior e interior dun establecemento comercial.
- Distribución e mobiliario da superficie de Venda.
- Normativa de seguridade e hixiene.
- Proxecto de implantación dun escaparate: tipos, elementos, temperatura, presuposto.
- Composición e montaxe de escaparates: Escaparate e comunicación, obxectivos, graos de atracción visual.
- Figura e fondo, contraste e afinidade, asimetría e simetría.
- Deseño do escaparate: as cores, iluminación, elementos para a animación do escaparate.
- Montaxe do escaparate comercial: planificación, materiais e medios, cronograma de montaxe, técnicas a utilizar.

4.a) 2.- Realización de varios supostos e exercicios prácticos.

A proba pode conter todas ou algunhas das seguintes cuestións:



- Suposto práctico sobre un proceso de compra indicando as 6 etapas do mesmo.
- Indicar os elementos da arquitectura exterior ou interior dun establecemento comercial a partir dunha imaxe ou fotografía.
- Distribución dunha superficie de venda diferenciando as diferentes zonas e/ou elaborar o layout da mesma.
- Estudo e/ou análises dun escaparate segundo a súa finalidade, estrutura, ubicación do mesmo.
- Realización dunha ficha de avaliación dun escaparate.
- Cálculo dos ratios de control da eficacia do escaparate, realizando unha valoración e estudo dos resultados obtidos..
- Análises dos elementos de comunicación dun escaparate, do equilibrio compositivo, simetría ou asimetría e temperatura.
- Calcular o coste dos escaparates dun establecemento comercial e/ou presentación do presuposto de implantación.

#### 4.b) Segunda parte da proba

Montaxe dun escaparate. Totalmente Práctica

- Segunda parte da proba: a realizar na Aula de Escaparatismo do Instituto.

Consistirá na montaxe dun escaparate seguindo un deseño previamente planificado.

As persoas alumnas deberán aplicar todas as técnicas de merchandising para resaltar os produtos principais a expoñer no escaparate.

- Para a montaxe dos escaparates teranse en conta os seguintes aspectos:

- A creatividade das persoas alumnas.
- O grao de atracción visual do escaparate.
- As prendas de roupa e complementos utilizados no vestiario dos maniquies elixidos.
- O contraste ou a afinidade do escaparate.
- Se a Simetría ou asimetría utilizada na composición do escaparate consegue o equilibrio mediante os conceptos de peso, recorrido visual e ritmo.
- Se a composición do escaparate é dinámica e equilibrada.
- Os elementos principais a utilizar.
- Se o escaparate realza o produto ou produtos expostos coas cores elixidas nos diferentes elementos compositivos.

- Os complementos directos e indirectos seleccionados.
- Os atrezos e expositores utilizados na montaxe.
- Se a iluminación está aplicada de forma adecuada para realzar e destacar os produtos principais.
- O grao de limpeza, entre outros.

Valorarase de 0 a 10 puntos e formará parte do 20% restante da nota final.

Considerarase superada esta proba práctica obtendo unha puntuación mínima de 5 puntos.